



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la pérdida de tráfico aéreo y de pasajeros del aeropuerto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.**

Según las cifras de AENA, el aeropuerto de Santiago de Compostela-Rosalía de Castro ha experimentado una importante caída del tráfico aéreo en el último año, con un descenso acumulado del 17% hasta mayo, es decir, alrededor de 200 400 personas menos respecto al año anterior. Las principales causas directas del descenso son la eliminación de rutas aéreas, vuelos y, asimismo, la reducción de plazas disponibles al utilizar aviones de menor capacidad. Pero existe una causa de fondo, la concepción centralista del sistema aeroportuario, que sitúa gran parte de las conexiones aéreas internacionales en el aeropuerto de Madrid, reservando un papel secundario para el resto de aeropuertos, para los desplazamientos internos o para los vuelos a Barajas como escala. A todo esto, se suma el aumento de la oferta y el incremento del tráfico aéreo en el aeropuerto internacional Sá Carneiro de Oporto, al que acuden muchos gallegos para conectar con realizar conexiones aéreas, demostrando así el potencial del aeropuerto de Santiago, que podría competir y ganar pasajeros si hubiera voluntad política para ello.

Así pues, el aeropuerto Rosalía de Castro necesita un mayor impulso en rutas y número de vuelos y una planificación y programación acorde a sus capacidades y su potencial. Sin embargo, aunque AENA ha indicado recientemente que «está trabajando con las aerolíneas para atraer nuevas rutas», en la práctica no se observa mejora ni aumento de las conexiones.

Además, en la reunión del Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galicia, que tuvo lugar el pasado mes de marzo, diferentes ayuntamientos, como el propio Ayuntamiento de Santiago de Compostela, reclamaron un mapa de rutas «coordinado y consensuado para garantizar la competitividad de los aeropuertos gallegos» y un Plan Estratégico.

Para poder diseñar e implementar una política aeroportuaria centrada en los intereses de Galicia es necesario disponer de las competencias en esta materia. Por ello, el BNG defiende la necesidad de la transferencia de competencias en infraestructuras de transporte de interés general como los aeropuertos gallegos y el control del tráfico aéreo en Galicia, para su gestión integral con el fin de articular un sistema aeroportuario gallego integral,



basado en la especialización y complementariedad de los tres aeropuertos, además de exigir la mejora y modernización de sus instalaciones y asegurar el control y la gestión pública de las torres de control para garantizar la seguridad aérea.

Hasta que se alcance este objetivo, seguiremos exigiendo al Gobierno del Estado que adopte las medidas necesarias para mejorar la competitividad de los aeropuertos gallegos, empezando por la instauración de un mapa de rutas acorde a las necesidades de Galicia y el impulso del perfil internacional del aeropuerto Rosalía de Castro.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuáles son las causas a las que atribuye AENA la caída del tráfico de pasajeros en el aeropuerto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela en el último año?
2. ¿Puede aportar las cifras del volumen de viajeros y viajeras de los últimos tres años, las frecuencias de vuelos y el número de plazas ofertadas?
3. ¿Es consciente de que la eliminación de vuelos y de rutas está afectando negativamente al principal aeropuerto gallego?
4. ¿No considera que esta pérdida de competitividad, especialmente en vuelos internacionales, responde a una política centralista en materia aeroportuaria que enfoca las conexiones internacionales en Madrid y reserva un papel secundario para el resto de aeropuertos, para las conexiones internas, o que exigen escala para acceder a las rutas internacionales?
5. ¿Al diseñar la política aeroportuaria tiene en cuenta el potencial del aeropuerto de Santiago de Compostela en las conexiones internacionales y cómo podría competir con el aeropuerto Sá Carneiro do Porto, al que viajan muchos gallegos y gallegas?
6. ¿Qué gestiones está realizando AENA con las compañías aéreas para atraer nuevas rutas al aeropuerto de Santiago que vayan más allá de la temporada de verano?
7. ¿Qué nuevas rutas tiene confirmadas por el momento? ¿Qué tiene planeado o está negociando actualmente?
8. ¿Cuáles son los planes de AENA para impulsar el tráfico aéreo en los aeropuertos gallegos y la proyección internacional del aeropuerto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela?
9. ¿Qué disposición tiene para estudiar la transferencia de la gestión de los aeropuertos gallegos a la Xunta para que se pueda hacer un mapa de rutas acorde a las necesidades de Galicia y una planificación eficaz, útil y sostenible de los tres aeropuertos?



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



Madrid, a 24 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

24 JUN. 2025 19:09:50

Entrada **74097**

Pregunta sobre a perda de pasaxeiros e rutas no aeroporto de Santiago de Compostela

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á perda de tráfico aéreo e de pasaxeiros do aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.**

Segundo as cifras de AENA, o aeroporto de Santiago de Compostela-Rosalía de Castro, experimentou unha importante caída do tráfico aéreo no último ano, cun descenso acumulado de 17% até maio, isto é, ao redor de 200.400 persoas menos en relación ao ano anterior. As principais causas directas do descenso son a eliminación de rutas aéreas, voos e, así mesmo, a redución das prazas dispoñíbeis empregando avións con menor capacidade. Mais existe unha causa subxacente, a concepción centralista do sistema aeroportuario, que sitúa no aeroporto de Madrid a grande parte das conexións aéreas internacionais, ao tempo que reserva ao resto de aeroportos un papel secundario, para desprazamentos internos ou con destino a Barajas a modo de escala. A todo isto, súmase o medre da oferta e o incremento do tráfico aéreo do aeroporto internacional Sá Carneiro de Porto, ao que acoden moitos galegos e galegas a para realizar conexións aéreas, demostrando así a potencialidade que ten o aeroporto de Santiago, que podería competir e gañar pasaxeiros e pasaxeiras de haber vontade política de facelo.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

24 JUN. 2025 19:09:50

Entrada **74097**



Así pois, o aeroporto Rosalía de Castro precisa dun maior impulso de rutas e número de voos e unha planificación e programación acorde ás súas capacidades e potencialidades. Porén, aínda que AENA indicou recentemente que “está a traballar coas compañías aéreas para atraer novas rutas”, non se aprecia na práctica unha mellora ou un medre de conexións.

É máis, na reunión do Comité de Coordinación Aeroportuaria da Galiza, que tivo lugar o pasado mes de marzo, distintos concellos, como o propio Concello de Santiago de Compostela, demandaron un mapa de rutas “coordenado e consensuado para garantir a competitividade dos aeroportos galegos” e un Plan estratéxico.

Para poder facer un deseño e unha política aeroportuaria centrada nos intereses da Galiza, é preciso contar coas competencias nesta materia. Por este motivo, o BNG defende a necesidade do traspaso das competencias en infraestruturas de transporte de interese xeral como son os aeroportos galegos e o control de tráfico aéreo na Galiza, para a súa xestión integral co fin de artellar un sistema aeroportuario integral galego, baseado na especialización e na complementariedade dos tres aeroportos, así como demandar a mellora e a modernización das súas instalacións e asegurar o control e a xestión pública das torres de control para garantir a seguridade aérea.

En tanto non se logre este obxectivo, seguiremos a reclamar ao Goberno do Estado que adopte as medidas precisas para a mellora da competitividade dos aeroportos galegos, a comezar pola instauración dun mapa de rutas acorde ás necesidades da Galiza e o impulso ao perfil internacional do aeroporto Rosalía de Castro.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:



1. Cales son as causas ás que atribúe AENA a caída de tráfico de pasaxeiros e pasaxeiras do aeroporto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela no último ano?
2. Pode aportar as cifras de volume de viaxeiros e de viaxeiras dos últimos tres anos, de frecuencias de voos e do número de prazas ofertadas?
3. É consciente de que a eliminación de voos e de rutas está a afectar negativamente ao principal aeroporto galego?
4. Non considera que esta perda de competitividade, especialmente nos voos internacionais, responde a unha política centralista en materia aeroportuaria que foga as conexións internacionais en Madrid e que reserva ao resto de aeroportos un papel secundario, para as conexións internas, ou exixindo escala para o acceso as rutas internacionais?
5. Ten en consideración no deseño da política aeroportuaria a potencialidade do aeroporto de Santiago de Compostela nas conexións internacionais e como podería competir co aeroporto Sá Carneiro do Porto ao que se desprazan moitos galegos e galegas?
6. Que xestións está a realizar AENA coas compañías aéreas para atraer novas rutas no aeroporto compostelá que vaian máis alá da época estival de verán?
7. Que novas rutas ten confirmadas polo momento? Cales ten en previsión ou está negociando na actualidade?
8. En que consisten os plans de AENA para impulsar o tráfico aéreo nos aeroportos galegos e o perfil internacional do aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela?
9. Que disposición ten a estudar a transferencia da xestión dos aeroportos galegos á Xunta para que se poida facer un mapa de rutas acorde ás



necesidades da Galiza e unha planificación eficaz, útil e sustentábel dos tres aeroportos?

Madrid, a 24 de xuño de 2025

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Néstor Rego Candamil', is positioned below the date. The signature is fluid and cursive.

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso